

MEDIDAS DE PROTECCIÓN INSTRUCCIÓN PARA O PROFESORADO

Coa intención de protexer a saúde das persoas e a de favorecer a seguridade de toda a comunidade educativa, levaranse a cabo unha serie de pautas de actuación co obxectivo de minimizar o máximo posible os riscos de contaxio no centro educativo. As medidas que enumeramos a continuación supoñen unha síntese e unha adaptación ao contexto do noso centro educativo das instrucións aportadas pola Consellería de Educación a través do "*Protocolo de adaptación ao contexto da COVID nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021*" do 16 de setembro.

Co obxectivo de facilitar o traballo do profesorado ante a complexa situación na que nos atopamos actualmente, imos a enumerar as medidas que consideramos máis importantes, clasificadas en relación ao cumprimento das diferentes funcións e tarefas que como docentes nos corresponden.

1. Medidas xerais de protección

- O profesorado (ao igual que o alumnado) deberá realizar de xeito diario, e antes da chegada ao centro, a ***enquisa de autoavaliación da sintomatoloxía COVID (Anexo I)***. No caso de que o resultado amose sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos 1 síntoma), o docente non poderá acudir ao centro educativo e ***informará deste feito de xeito inmediato ao equipo COVID e ao seu centro de saúde***.
- No acceso diario ao centro educativo, o profesorado realizará, ao igual que todos os restantes membros da comunidade educativa, os controis de temperatura e hixienización de mans correspondentes que se establecerán na porta da entrada.
- O uso da máscara é obrigatorio en todos os espazos do centro, independentemente do mantemento da distancia social de seguridade.
- Mantemento da distancia social de seguridade de mínimo 1,5 metros.
- Realizar a hixiene de mans de xeito regular durante a xornada de traballo empregando os diferentes dispensadores de xel hidroalcohólico habilitados por todo o centro.

2. Clases e Talleres

- No acceso á aula (e cambios de clase) o alumnado deberá agardar ao profesorado formando unha ringleira na que se manteña a distancia de seguridade. Para evitar a aglomeración de persoas nos corredores o profesorado deberá garantir a máxima puntualidade posible.
- No caso de que a aula estea ocupada por outro grupo, o grupo entrante agardará (mantendo a distancia) a que esta quede baleira antes de entrar, posteriormente entrará e procederá á desinfección de mesas e cadeiras. A aula tamén debe ser ventilada previamente antes da entrada do novo grupo.
- O profesorado deberá ser exemplo de conduta na aula en todo momento, polo que se debe realizar a ***hixienización de mans (en cada acceso á aula) nos puntos de desinfección instalados na entrada das aulas***, así como o uso permanente da máscara e o mantemento da distancia social durante a clase.
- O profesorado deberá desinfectar o seu espazo individual de traballo cada vez que entre a aula.
- Obrigatoriedade de manter as mesas separadas 1,5 metros (entre cadeiras), respectando as sinalizacións do chan, e a orientación en dirección á posición do profesorado.
- As ventás, portas, interruptores e ferramentas pedagóxicas serán empregadas só polo profesorado.
- Evitarase a realización daquelas actividades que exixan unha especial proximidade.
- ***Non se permitirá o uso compartido de materiais individuais (bolígrafos, tipp-ex, panos de papel, etc).***
- O material de uso individual (EPI's, libros, etc) será gardado/almacenado de xeito separado ao dos compañeiros.
- Realizarase unha ventilación de 15 minutos ao inicio da xornada, ao final de cada clase e durante o recreo. ***O control da ventilación levarase a cabo polo profesorado a través das listas de comprobación situadas en cada aula a tal efecto.***
- No caso dos ***talleres***, e cando o ***material de uso deba ser compartido***, o profesorado asegurase de que se realiza a ***desinfección oportuna do mesmo antes de que o material sexa empregado por outro alumno/a e tamén despois do seu uso. Deberase favorecer a realización autónoma desta tarefa de xeito rutinario no alumnado.***
- As entradas e saídas na aula deberán ser supervisadas polo profesorado, garantindo que se cumpren as normas en todo momento, así como tamén no caso da realización dalgún descanso durante as clases.

3. Uso de espazos comúns

- Uso de máscara obrigatorio e de xeito permanente en todos os espazos do centro
- Distancia mínima de seguridade de 1,5 metros
- Desplazamento pola beira dereita dos corredores, seguindo a sinalización establecida.
- Respetar a dirección única de subida e baixada establecidas para o acceso ás plantas superiores ou inferiores do centro.
- Co obxectivo de manter a distancia social de seguridade restrinxirase o uso dos espazos comúns como a biblioteca, a sala de profesorado ou a cafetería, polo tanto solicítase que na medida do posible se reduza a presenza nestes espazos en favor do uso doutros, como os propios departamentos de cada familia profesional.
- Cando se empregue un equipo informático (ou semellante) situado nun espazo de uso compartido (sala de profesorado, biblioteca, etc), deberá ser desinfectado polo usuario antes e despois do seu uso.

4. Gardas

- Todo o profesorado velará polo cumprimento das medidas adoptadas no centro, atendendo ao criterio de responsabilidade e independentemente do feito de que estea ou non realizando unha garda. Neste senso, deberase corrixir calquera incumplimento destas normas por parte do alumnado.
- Nos accesos ao centro (entradas, saídas e recreos) o profesorado de garda velará polo correcto cumprimento dos procedementos de control de temperatura e de hixienización de mans grazas aos dispensadores habilitados na zona da entrada. Para garantir isto, as gardas de 1ª hora e de recreo realizaranse, con carácter xeral, na zona da entrada ao centro, polo menos, ata que remate o tránsito de alumnado e profesorado por estes espazos. As gardas de 3ª e 4ª servirán para reforzar as horas de comezo e finalización do recreo. (Revisar as funcións encomendadas a cada franxa horaria no "Plan de actuación").
- Resulta fundamental a puntualidade do profesorado que realiza as gardas para evitar que o seu retraso cause aglomeracións de alumnado na entrada.

5. Reunións

- As reunións de coordinación que impliquen a asistencia de profesorado de diferentes familias profesionais realizaranse de xeito prioritario por medios telemáticos, tentando deste xeito minimizar no posible a interacción social directa co profesorado doutros departamentos.
- No caso de realizar as reunións de xeito presencial, será só naqueles espazos onde se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade.

6. Flexibilización de horarios. Entradas/saídas e recreos.

- Os horarios oficiais mantéñense en sesións de 60 minutos, pero ***flexibilizaranse as entradas e as saídas así como o horario dos recreos.***
- Na oferta educativa ordinaria ***modificaranse os horarios do seguinte xeito:***
 - *Recreo para evitar aglomeracións nos espazos de uso serán os seguintes: de 11:20 a 12:00 para ciclos medios e básica; e de 11:30 a 12:10 para ciclos superiores.*
 - *Entradas: Ciclos de FP básica e medios entran ás 8.30 e ciclos superiores entran ás 8:40.*
Saídas: Ciclos de FP básica saen ás 14:30, ciclo medios saen ás 14:50 e ciclos superiores saen ás 15:00.
- É imprescindible que o profesorado cumpla rigurosamente coa flexibilización horaria planificada coa finalidade de evitar as aglomeracións nas entradas e saídas das aulas.